

LOVE ME NOT

Lluís Miñarro, 2019

614

PASE ÚNICO EN NUMAX: 09.12.2019 | V.O.S.E. | +16

Love Me Not (2019, 83')

Dirección: Lluís Miñarro

Guión: Sergi Belbel, Lluís Miñarro

Elenco: Ingrid García Jonsson, Francesc Orella, Lola Dueñas, Oliver Laxe, Luis Alberti, Fausto Alzati, Hugo Catalán, Lu Colomina, Gabriel Ventura

Son: Amanda Villavieja

Montaxe: Gemma R. Cabello, Núria Esquerra

Fotografía: Santiago Racaj

Vestuario: Brenda Gomez, Rosa Tharrats

Música: Esteban Aldrete

Produtora: Lluís Miñarro Producciones, Piano Producciones (España - México)

Distribuidora: Noucinemart

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Español, catalán

FILMOGRAFÍA ADÁN ALIAGA

Escudella, 2015 [curtametraxe]

Stella Cadente (Estrella fugaz), 2014

101, 2012 [curtametraxe]

FamilyStrip, 2009

Blow Horn, 2009

SINOPSE

Un exército internacional asigna a un rexemento enteiro a tarefa de custodiar un misterioso home, recluído nunha prisión de máxima seguridade en medio do deserto polas súas predicións subversivas. Cando a soldado Salomé, filla do Comandante Antipas, é asignada a vixiar o prisioneiro, obsesiónase con el até desencadear inesperadas consecuencias para os dous.

«Unha aposta tan desafiante como suxestiva. Tan inclasificábel e desconcertante como magnética»

Beatriz Martínez, FOTOGRAMAS

OS OLLOS VERDES

OCINEMA INÉDITO DE NUMAX



“Todos os personaxes rexeitan o amor e iso é o froito da guerra”

Entrevista a Lluís Miñarro

Por Manu Yáñez

En *Love Me Not*, abrazas a figura de Salomé e lévala a un territorio persoal e intensamente contemporáneo. Na súa abstracción, o mito permíteche abordar cuestións que abarcan desde a ambigüidade de xénero até a inclinación á barbarie do poder, pasando pola dimensión máis fanática da fe. Son temas controvertidos, moi candentes no momento actual. Cal foi o punto de partida para a película?

A orixe foi unha representación de Salomé de Óscar Wilde que vin en Londres, na versión operística de Richard Strauss. A partir de aí, foi tomando forma na miña cabeza a necesidade de actualizar este mito. A Salomé que coñecemos, máis aló da súa versión bíblica, é un fenómeno moi do século XX, porque houbo moitos autores que a abordaron desde o teatro, como Lindsay Kemp ou Terenci Moix. E é innegábel o peso que Salomé tivo na historia da arte pictórica, para Caravaggio e tantos outros. É unha figura moi representativa diso que chamamos Eros e Tánatos, é dicir, a relación entre o amor, o desexo, a sexualidade e a morte, todo mesturado como nunha caldeira a piques de estoupar. Cara ao ano 2014, despois de dirixir *Stella Cadente*, púxenme a desenvolver o guión do que terminaría sendo *Love Me Not*. Un guión que, loxicamente, bebe da actualidade. Como apuntabas, a película aborda a cuestión de xénero e retrata un imperialismo que aínda está moi vixente.

***Love Me Not* non se esconde á hora de compoñer imaxes que remiten a acontecementos recentes e chocantes: as torturas en Abu Ghraib, o integrismo relixioso, o militarismo ianqui... Até que punto querías ser específico na túa abordaxe a estas cuestións? E até que punto querías deixar aberta a película?** Se se analiza o relato bíblico de Salomé, percíbese unha especie de espírito de desquite, de conquista, que aínda forma parte,

por desgraza, do patrimonio cultural de Occidente. Interesábame explorar o modo en que a vinganza parece formar parte da nosa idiosincrasia. Nese sentido, e tendo en conta que a historia de Salomé transcorre no deserto, pensei que a súa actualización debía ambientarse en Siria, Afganistán ou Iraq. E ao pensar en Iraq, era inevitábel referirse ao que ocorreu a década pasada. Na actualidade estamos a vivir o resultado da intervención norteamericana en Oriente Medio. As guerras de Iraq, Afganistán e Siria terminaron tendo un efecto directo sobre Europa. As pateras non van a Estados Unidos, veñen a Europa. A nosa vida diaria está influenciada polo modo en que George W. Bush puxo patas para arriba Oriente Medio hai algo máis dunha década, por intereses seguramente económicos relacionados co petróleo.

Volvendo ao filme fíxate que non se titula Salomé. Non quería expor unha recreación típica. Quixen fuxir da cara máis romántica do mito, que está sobre todo na obra de Óscar Wilde ou nas pinturas de Gustave Moreau. Como se chama o filme? Non me queiras, *Love Me Not*, porque no fondo todos os personaxes están a rexeitar o amor, e isto é o froito da guerra: o rexeitamento do amor, a negación do afecto ao veciño, a quen se percibe como un inimigo. En todo caso, a película non busca aleccionar ao espectador, non quere ser moralizante. Quixen facer unha película eminentemente visual que puidese apelar a un certo subconsciente colectivo.

Non é difícil establecer unha ponte entre as guerras e a barbarie de inicios do século XXI co auxe actual da extrema dereita. Neste momento, véxoa como unha película cargada de urxencia, si. Supoño que, co transcurso do tempo, atopará o seu lugar, como creo que está a ocorrer co meu anterior filme, *Stella Cadente*.

Publicado en <http://www.otroscineseuropa.com>
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

O director

Lluís Miñarro (Barcelona, 1949) deuse a coñecer como produtor independente de títulos centrais do cinema de autor contemporáneo como *Cosas que nunca te dije* (Isabel Coixet), *El cant dels ocells* (Albert Serra) ou *Liverpool* (Lisandro Alonso). Como cineasta destaca co documental *FamilyStrip* e, especialmente, *Stella Cadente*, suxerente retrato de Amadeo de Saboya gañador de 2 Premios Gaudí.

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxeita obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en comunicacion@numax.org

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org